

Instrucción II/2000 da Xerente da Universidade de Santiago de Compostela relativa á realización do crédito horario (110 horas) polo persoal de administración e servizos (PAS)

Ante as reiteradas consultas e co obxecto de clarificar o uso das 110 horas de horario dispoñible que pode realizar o PAS, segundo está recollido nas Normas de Xestión do cadro de persoal funcionario de administración e servizos, aprobado por resolución rectoral do día 13 de xuño de 1988 (DOG do 8 de xullo), modificado por resolución rectoral do día 31 de marzo de 1989 (DOG do 26 de xuño), e no artigo 24.2 do III Convenio Colectivo do persoal laboral das universidades públicas de Galicia, a xerente, unha vez informados os órganos de representación do persoal, e no uso das competencias atribuídas pola resolución rectoral do 14 de febreiro de 1995, dispón:

1. As horas con cargo ó crédito horario, poderán realizarse en momentos en que a acumulación de traballo o faga necesario.
2. Previamente, os xefes de administración e os responsables de unidades deberán solicitar á xerencia, en escrito motivado, autorización para poder realizalas indicando unha previsión aproximada do tempo que se vai a ocupar.
3. Concedida a autorización, os anteditos xefes deberán de comunicar ós traballadores, cunha antelación como mínimo de 24 horas, a necesidade de traballar con cargo ó crédito horario.
4. Unha vez realizadas as horas, os xefes deberán enviar ó Servicio de Xestión de Persoal, unha relación dos traballadores e do número de horas utilizadas.
5. No contexto actual do mercado de traballo, é un compromiso de tódolos axentes sociais e tamén desta xerencia, reducir ó mínimo a realización de horas extraordinarias que soamente se autorizarán:
 1. Cando por razóns de urxencia, se trate de previr ou reparar sinistros ou danos ou para atender necesidades extraordinarias. Neste caso, a comunicación á xerencia deberá cursarse no prazo máximo das 48 horas posteriores ás circunstancias que deron orixe á necesidade.
 2. Cando por circunstancias excepcionais o crédito horario non sexa suficiente para facer fronte a demandas imprevistas. Será necesaria sempre a previa autorización da xerencia para a súa realización, e, en todo caso, o límite global de horas extras será de 80 en cómputo anual.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2000